

TEXTOS DE CELSO EMILIO FERREIRO

Longa noite de pedra

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
e as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

De Longa noite de pedra

Maio 1972, I

Fai pouco tiven un soño
que máis ben foi un lembrar,
pois os soños moitas veces
veñen da realidade.

Colléronme preso un día
i atáronme mau con mau
por culpa dun falso amigo,
fillo bastardo dun can.
Colléronme preso un día,
enlamáronme no chan,
aldraxáronme, puxeron
o meu nome a pregoar.

Sepan homes e mulleres
desta honrada vecindá
que o poeta é un falsario
un malvado, un mintirán.

Moraima, non me preguntes
nin pretendas saber máis,
pois o meu soño esvaíuse
cos paxaros da mañán.
Diréiche soio unha cousa
pra esta historia rematar
Colléronme preso un día,
outro non me collerán.

De Onde o mundo se chama Celanova

Xaneiro 1972, II

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a esperanza,
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.

Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.

Cando quero surrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E márame o silencio
de non decir Moraima.

“Esta vila é moi camanduleira, dígollo eu. Terra de xente burlona e sin respecto para ninguén. Non hai acatamento nin educación. E as bulras, xa se sabe son as vísperas das veras. Esquí todo cristo ten un alcume, unha veces acaído e outras aldraxante, asegún a mala leche do alcumador. A min chámame o Galo, non porque o sexa no tocante ó galego do fornicio, poño por caso, pois anque as mulleres gústanme máis que as rosquillas, non me derriro por elas, maormente desque me casei, que estou ben servido... O alcume herdeino do meu pai, que tamén o herdara do seu, meu abó, que Dios teña en groria. Iste si que era faldreiro como é notorio polas historias que del se contan, e polos dezaseis fillos que lle armou á súa muller lexítima, amén doutros tantos que tivo de achego. Montaba nas mozas e dempois si te vin xa me esquecín. Todos somos fillos de Adán, pro unhos son fillos de benzón e outros sono das herbas”.

A taberna do Galo